

2º CONCURSO de TEATRO INMEDIATO

(representación de textos breves con tempo de preparación limitado)

Bases:

1ª. O concurso será para parellas, mixtas ou non, de actores ou actrices afeccionados maiores de 18 anos.

2ª. Cada parella participante terá que facer a representación dun texto breve facilitado pola organización. Cada texto ten sentido por sí mesmo. Extraído dunha obra, a súa lectura convencional non chega ós cinco minutos. Poderán participar como máximo 8 parellas (unha por texto). A selección farase por rigurosa orde de inscrición.

3ª. Agás iluminación, decorados e música gravada, os participantes poderán introducir todos aqueles elementos de vestuario, maquillaxe e utilería que consideren oportunos para a súa representación.

4ª. Os textos recolleranse o mércores 13 de abril a partir das 12 da mañá no I.E.S. Auga da Laxe de Gondomar.

5ª. O prazo para inscribirse remata o luns 11 de abril. A cuota para participar será de 12 euros por parella que se ingresarán na seguinte conta bancaria:

Entidade: CAIXANOVA
Titular: Vichelocrego Teatro
c/c: 2080

6ª. A inscrición farase efectiva enviando por fax o resgardo do ingreso da cuota ó seguinte número: 986-360576 (fax do IES Auga da Laxe) indicando asimesmo nomes ou seudónimo da parella participante, teléfono de contacto e entidade bancaria e nº de conta na que se faría a devolución, caso de non ser admitidos por estar cuberto o cupo de oito participantes.

7ª. Haberá un único premio de 350 euros.

8ª. O xurado estará formado por cinco persoas vencelladas ó teatro. A súa decisión será inapelable.

9ª. As representacións serán o venres 15 de abril no I.E.S. Auga da Laxe de Gondomar a partir das 21.00 horas. Os concursantes deberán presentarse á organización entre as 19.00 e as 20.00 horas do mesmo día.

10ª. Para calquera posible dúbida ou información sobre as bases deste concurso poderase chamar ó número 986360501 (IES Auga da Laxe) e preguntar por Marga Cachaza (Vichelocrego Teatro) en horario de mañá de 9.30 a 15.00 de luns a venres.

Nota.- Como na pasada edición, cóntase coa posibilidade de repetir (o venres 22 de abril) a actuación resultante, contratados polo Concello, dentro dos actos que o mesmo fai para celebrar o Día Mundial do Teatro.